

CONVOCATORIA DE PRENSA

RIBEIRA ACOLLERÁ A PRESENTACIÓN DA NOVA FGA SANDERO ECO CUP DE RALLYES PARA A TEMPADA 2024

A Federación Galega de Automobilismo ten o pracer de invitar a todos os medios de comunicación, patrocinadores, federados e afeccionados que desexen estar presentes no **acto de presentación (Venres 17 de novembro ás 16:00 horas) da nova FGA Sandero Eco Cup** que se estreará nos rallyes do Campionato Galego na tempada 2024.

O novo modelo de competición de **Dacia** estará presente no acto para que todos os asistentes poidan ver os detalles de fabricación deste modelo que tamén competirá na derradeira proba do certame autonómico, o Rallye Ribeira – Ría de Arousa con Jorge Cagiao e Adrián Muñiz aos mandos.

No evento detallaranse todos os **pormenores do novo trofeo monomarca da FGA**, que estará presente en seis das probas do certame do próximo ano 2024.

O **acto terá lugar no Miradoiro Pedra da Rá**. No caso de que o tempo non o permita, comunicarse a nova ubicación ao longo da mañá do venres a través do correo electrónico, páxina web da FGA e redes sociais.

Lugar : Miradoiro Pedra da Rá, Ribeira.

Ubicación en Google Maps: <https://maps.app.goo.gl/jq8LrT4R9u6p9PwJ8>

Día e hora: Venres, 17 de novembro ás 16:00 horas.